

CONVENIO ENTRE A MUTUALIDADE XERAL DE FUNCIONARIOS CIVÍS DO ESTADO, O INSTITUTO SOCIAL DAS FORZAS ARMADAS, A MUTUALIDADE XERAL XUDICIAL E O SERVIZO GALLEGO DE SAÚDE PARA A PRESTACIÓN EN ZONAS RURAIS DE DETERMINADOS SERVIZOS SANITARIOS Aos MUTUALISTAS E DEMAIS BENEFICIARIOS ADSCRITOS A ENTIDADES DE SEGURO DE ASISTENCIA SANITARIA CONCERTADAS COAS DEVANDITAS MUTUALIDADES.

MEMORIA XUSTIFICATIVA DE UTILIZACIÓN DA FIGURA DO CONVENIO

O Xerente do Servizo Galego da Saúde, DECLARA:

O Presidente do Servizo Galego de Saúde formalizou en data 22.01.2026 coas Mutualidades de funcionarios civís do Estado, das forzas armadas e do persoal ao servizo da administración de xustiza, MUFACE O.A, ISFAS O.A e MUGEJU O.A, o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 22.01.2026 ata o 31.12.2029.

Que o instrumento convencional ten por obxecto, segundo expresa o texto do acordo *"O Servizo Galego de Saúde, cos medios de que dispoña nos correspondentes Centros de Saúde que xestiona, prestará os servizos sanitarios...a todos os mutualistas e demais beneficiarios de MUFACE O.A, ISFAS O.A e MUGEJU O.A que atópanse adscritos ás Entidades de Seguro concertadas coas citadas Mutualidades e que residan nos municipios de ata 20.000 habitantes."*

"Os servizos sanitarios a que refírese a cláusula anterior....serán os mesmos que prestan os Equipos de Atención Primaria da rede de centros de atención primaria do SERGAS, incluídos os servizos de urxencias"

"En todos os municipios de ata 20.000 habitantes....atenderanse os servizos sanitarios de urxencias, que serán prestados nos correspondentes Centros de Atención Primaria ou Consultorios dependentes do SERGAS, ou a través dos centros correspondentes nos que se presten os servizos de urxencias extras-hospitalarias (Puntos de Atención Continuada) para o resto dos usuarios do Sistema Público."

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional asinado fundaméntase no seguinte:

"A Lei 16/2003, do 28 de maio, de cohesión e calidade do Sistema Nacional de Saúde, consagra o dereito á asistencia sanitaria e establece na súa disposición adicional cuarta que MUFACE O.A, ISFAS O.A, e MUGEJU O.A, como integrantes do Sistema



Nacional de Saúde, na súa calidade de entidades xestoras dos Réximes Especiais da Seguridade Social dos Funcionarios Cívís do Estado, das Forzas Armadas e do persoal ao servizo da Administración de Xustiza, respectivamente, terán que garantir o contido da carteira de servizos do Sistema Nacional de Saúde, así como as garantías sobre accesibilidade, mobilidade, calidade, seguridade, información e tempo recollidas nesta lei, de acordo co disposto na súa normativa específica.”

“MUFACE O.A, ISFAS O.A, e MUGEJU O.A, prestan aos seus mutualistas e beneficiarios, entre outros servizos, a asistencia sanitaria, conforme ao establecido nas súas leis reguladoras....facilitando esta asistencia sanitaria ás súas mutualistas e beneficiarios a través de Concertos con Entidades, tanto privadas como públicas. Este sistema permite aos mutualistas optar entre a Rede Sanitaria Pública, recibindo a atención polos Servizos de Saúde das Comunidades Autónomas ou con diversas Entidades privadas.”

“As citadas Mutualidades teñen Concertos subscribidos con Entidades de Seguro de Asistencia Sanitaria, polos que estas se obrigan a prestar asistencia sanitaria en todo o territorio nacional aos seus mutualistas e beneficiarios. Con todo, nalgunhas zonas rurais non existen medios privados para levar a cabo esta asistencia.

Os citados Concertos prevén a habilitación expresa á Mutualidade respectiva para a subscripción de Convenios de colaboración cos Servizos Públicos de Saúde competentes polo territorio, para garantir que os seus beneficiarios reciban nos seus municipios de residencia a asistencia que precisan e así completar a asistencia a cargo das entidades.”

“A Comunidade Autónoma de Galicia, a través do SERGAS, é a única entidade que dispón dos medios necesarios para a prestación, no devandito ámbito territorial, dos servizos de atención primaria que os mutualistas e demais beneficiarios das citadas Mutualidades precisen. Por tanto, de acordo coa normativa reguladora, pode completar a asistencia sanitaria a cargo das entidades de seguro de asistencia concertadas, naquelas zonas rurais nas que estas non dispoñen de medios.”

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estimouse xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.





E para que conste, asíñase en memoria, en Santiago de Compostela na data da sinatura dixital

O xerente do Servizo Galego de Saúde

José Ramón Parada Jorgal

